



## INFORMACIÓN PARA A MATRÍCULA 2008/2009

### 1º PRAZO DE MATRÍCULA XUÑO/XULLO

<b>FGKHLÓ</b>	<b>TIPO DE ALUMNADO</b>	<b>PRAZO DE MATRÍCULA</b>
	ALUMNADO OFICIAL PRESENCIAL APTO EN XUÑO 2008	<b>25</b> de xuño ao <b>4</b> de xullo
	ALUMNADO DO PLAN DE POTENCIACIÓN DE IDIOMAS EN IES APTOS EN XUÑO 2008 E QUEIRAN CONTINUAR OS SEUS ESTUDOS NA EOI	<b>1</b> de xullo ao <b>4</b> de xullo
	ALUMNADO DE THAT ´S ENGLISH QUE SUPEREN CICLO EN XUÑO 2008 E QUEIRAN CONTINUAR OS SEUS ESTUDOS NA EOI	<b>25</b> de xuño ao <b>4</b> de xullo

Horario para efectuar a matrícula na oficina de administración: 09.00-14.00

## 2º PRAZO DE MATRÍCULA SETEMBRO

TIPO DE ALUMNADO	PRAZO DE MATRÍCULA
MATRÍCULA PARA A PROBA DE CLASIFICACIÓN	<b>1-8</b> de setembro
APTOS OFICIAIS DE XUÑO 2008 QUE NON SE MATRICULASE NO 1º PRAZO	<b>1-10</b> de setembro
ALUMNADO DO PLAN DE POTENCIACIÓN DE IDIOMAS EN IES APTO EN XUÑO 2008	<b>1-10</b> de setembro
ALUMNADO DE THAT ´S ENGLISH QUE SUPEREN O CICLO ELEMENTAL EN XUÑO 2008	<b>1-10</b> de setembro
APTOS E NON APTOS OFICIAIS SETEMBRO 2008	<b>10-17</b> de setembro
ALUMNADO PROCEDENTE DO PLAN DE POTENCIACIÓN APTOS E NON APTOS DE SETEMBRO 2008	<b>10-17</b> de setembro
ALUMNADO PROCEDENTE DE THAT´S ENGLISH 2008	<b>10-17</b> de setembro
ALUMNADO PROCEDENTE DE PROBA DE CLASIFICACIÓN 2008	<b>18-23</b> de setembro
ALUMNADO PROCEDENTE DO ENSINO LIBRE 2008	<b>18-23</b> de setembro
ANTIGOS ALUMNOS	<b>18-23</b> de setembro

TRASLADOS DE EXPEDIENTES E MATRÍCULAS VIVAS	<b>18-23</b> de setembro
DE ACCESO DIRECTO (VALIDACIÓN)	<b>18-23</b> de setembro
ALUMNADO CON RENUNCIA DE MATRÍCULA NO CURSO 2007/2008	<b>18-23</b> de setembro
NOVO ALUMNADO E OUTROS (baixas de oficio, anulacións de matrícula, non presentados, todos referentes ao curso 2007/08)	<b>22-26</b> de setembro

Horario para efectuar a matrícula na oficina de administración: 09.00-14.00

PLANO DE ESTUDOS ACTUAL E EQUIVALENCIAS CO PLANO ANTERIOR

PLANO VELLO	1º Ciclo Elemental	2º Ciclo Elemental	3º Ciclo Elemental		4º Ciclo Superior	5º Ciclo Superior
Curso 2007/08	Nivel Básico 1	Nivel Básico 2	Nivel Intermedio 1		4º Ciclo Superior	5º Ciclo Superior
Curso 2008/09	Nivel Básico 1	Nivel Básico 2	Nivel Intermedio 1	Nivel Intermedio 2	Nivel Avanzado 1	Nivel Avanzado 2

- O alumnado en posesión do título de bacharel poderá, se o desexa, acceder directamente a 1º de nivel intermedio do idioma cursado como primeira lingua estranxeira no bacharelato.
- Pódese acceder a calquer curso mediante a proba de clasificación que se realiza en setembro (matrícula para estas probas é do 1 ao 8 de setembro).
- Tamén é posible acceder directamente a diferentes curso no caso de ter algun título ou certificado. (consultar taboa de accesos directos)
- A idade mínima de admisión é de 16 anos (cumpridos no ano de solicitude) para os alumnos que solicitan estudar o mesmo idioma que no ensino obrigatorio como primeira lingua estranxeira (inglés na maioría dos casos). Para o resto dos idiomas a idade mínima de acceso mantense nos 14 anos cumpridos no ano de solicitude de admisión.



## TAXAS

### ALUMNADO OFICIAL

( Decreto 147/2006 do 31 de agosto 2006 )

**INSTRUCCIÓN PARA A CUMPRIMENTACIÓN DA FOLLA DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS** ( para o ingreso do importe da matrícula na entidade bancaria )

#### ANTIGO ALUMNADO.

1. Alumnado que xa estivera matriculados esta Escola Oficial de Idiomas – ou con traslado de expediente a esta – deberán aboar :

Matriculación por idioma .....	70 €
Servicios Xerais .....	11€
<b>Total a ingresar :</b>	<b>81 €</b>

--

**2.FUNCIONARIADO ( acreditar condición )** en activo da Cosellería de Educación e O.U. , fillos ó seu cargo menores de 25 anos e orfos/as de funcionarios/as - **SEMPRE QUE NON REPITAN CURSO** - deberá aboar :

Servicios Xerais .....	11 €
<b>Total a ingresar :</b>	<b>11 €</b>

**3.FAMILIA NUMEROSA DE 1ª ( acreditar condición )**, deberán aboar

Matriculación por idioma .....	35 €
Servicios Xerais .....	5.5 €
<b>Total a ingresar :</b>	<b>40.5 €</b>

**4.FAMILIA NUMEROSA DE 2ª( acreditar condición )** , matrícula totalmente gratuita

**5. BOLSEIROS/AS ( acreditar condición )** \_non aboarán as taxas establecidas. Unha vez resolta a convocatoria de bolsas, o alumnado beneficiado deberá presentar a súa credencial de bolseiro na secretaría do centro.

**6. ALUMNADO CON DISCAPACIDADE ( acreditar condición )** non aboarán as taxas as persoas cun grao de minusvalía igual o superior ao 33%.

**7. VÍTIMAS DE ACTOS TERRORISTAS ( acreditar condición )** non aboarán as taxas as vítimas de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos.

---

**SE UN ALUMNO/A SE MATRICULA EN MÁIS DUN IDIOMA** DEBERÁ MULTIPLICAR O IMPORTE DO APARTADO "MATRICULACIÓN POR IDIOMA " POLO NÚMERO DE IDIOMAS NOS QUE SE MATRICULE

Exemplo: 2 idiomas  
Matriculación por idioma .....70 x 2 ..... 140 €  
Servicios Xerais ..... 11 €  
**Total a ingresar :            151 €**

**IMPORTANTE :**

**O ALUMNADO PODERÁ OPTAR POLO PAGAMENTO FRACCIONADO DE MATRÍCULA. NO CASO DE IMPAGO PARCIAL, O CENTRO REQUERIRÁ AO INTERESADO/A PARA QUE NO PRAZO IMPROPRORROGABLE DE 15 DÍAS REALICE DITO PAGAMENTO. NO CASO CONTRARIO, PROCEDERÁ A ANULACIÓN DA MATRÍCULA E A PERDA DAS CANTIDADES ABOADAS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO PRAZO.**



## INSTRUCCIÓN PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

- **Retirar o sobre da matrícula** en conserxaría
- **Folla de liquidación de prezos públicos**  
Antes de proceder a cubrir os diferentes apartados, consultar a folla de instrucións que se adxunta. Se aínda así o alumno ten algunha dúbida deberá aclarala na Secretaría da EOI.  
Comprobar os importes a ingresar antes de acudir á entidade bancaria, xa que o centro non poderá efectuar ningunha devolución das cantidades incorrectamente ingresadas.
- **Efectuar o ingreso do importe da matrícula** en calquera das entidades bancarias que figuran ó pé da folla de liquidación. Conservar o “ Exemplar para o interesado ” xa que é imprescindible para algúns trámites. Introducir no sobre da matrícula o “Exemplar para o órgano xestor ”
- **Os ANTIGOS ALUMNOS e ALUMNOS DA ESCOLA NO PRESENTE**  
**CURSO** deberán presentar , xunto co xustificante de ter ingresado o importe da matrícula na entidade bancaria, os seguintes documentos :
  - Carné da EOI ( no caso de non te-lo pedir un en conserxaría e adxuntar unha fotografía)
  - Fotocopia da papeleta do último curso realizado
  - Impreso de matrícula debidamente cumprimentado
  - Cando proceda, certificado de matrícula gratuita ,orixinal e copia do Libro de Familia Numerosa, acreditación de bolseiro, discapacidade ou vítima de terrorismo.
  - Cando proceda , orixinal e copia do título ou certificado que permita o acceso directo a un curso

( No caso de ser un **alumno trasladado** doutra escola adxuntar xustificante da solicitude do traslado de expediente, dúas fotografías pegadas á ficha e carnet que lle darán na conserxaría e fotocopia do DNI. )

**IMPORTANTE** : Aqueles alumnos que queiran facer valer o seu **Título de Bacharel** para entrar directamente no 1º curso de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato, deberán achegar certificación da secretaría do centro onde realizou estes estudos con mención expresa da lingua estranxeira que cursou como primeiro dioma .

- **Os NOVOS ALUMNOS** ademais do xustificante de ter feito o ingreso na entidade bancaria, deberán presentar os seguintes documentos :
  - Fotocopia do DNI. . Os alumnos extranxeiros presentarán orixinal e copia do pasaporte
  - Dúas fotografías tamaño carné ( pegadas nos correspondentes documentos )
  - Ficha e carné da EOI debidamente cumprimentados e coas fotografías
  - Impreso de matrícula debidamente cumprimentado

- Cando proceda, certificado de matrícula gratuita ,orixinal e copia do Libro de Familia Numerosa, acreditación de bolseiro, discapacidade ou vítima de terrorismo.
- No caso de alumnos menores de 16 anos : fotocopia compulsada de documentación que acredite a primeira lingua estranxeira cursada no réxime ordinario no presente curso escolar.
- Cando proceda , orixinal e copia do título ou certificado que permita o acceso directo a un curso

**IMPORTANTE** .: Aqueles alumnos que queiran facer valer o seu **Título de Bacharel** para entrar directamente no 1º curso de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato, deberán achegar certificación da secretaría do centro onde realizou estes estudos con mención expresa da lingua estranxeira que cursou como primeiro dioma .

**ENTREGAR NA SECRETARÍA DA EOI TODOS OS DOCUMENTOS MENCIONADOS DENTRO DO SOBRE DA MATRÍCULA NAS DATAS ESTABLECIDAS.**



## INFORMACIÓN XERAL

1. **Faltas de asistencia do alumnado oficial** : O alumnado presencial non poderá superar un nº de faltas sen xustificar superior ao 20% das horas totais do curso. De facelo, nos cursos non finais de nivel perderá o dereito a que se teña en conta a cualificación da proba de progreso do mes de febreiro e a valoración da súa participación nas actividades lectivas. En todos os casos o alumnado terá dereito únicamente a realizar a proba final de promoción de xuño/setembro ou a terminal de certificación
2. **Permanencia nos cursos** : A permanencia en cada nivel das ensinanzas de idiomas na modalidade presencial será, como máximo, o dobre da duración establecida para cada idioma
3. **Anulación da matrícula oficial** : O alumnado que desexe anular a matrícula oficial deberá presentar instancia xustificada documentalmente na Secretaría do centro antes do 30 de abril. A anulación da matrícula figurará no expediente académico dos alumnos e das alumnas e non suporá a devolución dos prezos públicos aboados nin computará para os efectos de permanencia no nivel correspondente
4. Ningún alumno poderá matricularse por **ensinanza libre e oficial no mesmo idioma no mesmo curso académico**
5. **Traslado de expediente e matrícula viva** : Poderanse tramitar durante todo o ano. O traslado por matrícula viva só será aceptado cando exista xustificación suficiente. Ditos traslados estarán sometidos ás condicións da EOI de destino, que DEBERÁ SER CONSULTADA SEMPRE POLO ALUMNADO antes da tramitación do traslado.
6. **Clases complementarias** : a asistencia será voluntaria, pero sí recomendada para o alumnado oficial. Pódese obter unha certificación que se expedirá únicamente a aqueles alumnos/as que o soliciten expresamente ó profesor/a ó comenzo do curso. Non se expedirá ningún certificado ao alumnado se faltase ,xustificadamente ou non, mais dun 20% das horas totais que dure a actividade.
7. **Cambios de horario** : O alumnado oficial **durante o mes de outubro** poderá cambiar o horario de clase mediante **permutas**. Para as permutas o alumnado poderá anunciarse e consultar o taboleiro de alumnos/as e na páxina web: [www.eoiferrol.org](http://www.eoiferrol.org) . Tras previo acordo e firmado o impreso que se lles dará en conserxería , solicitarán o cambio de grupo en Secretaría. Fora deste periodo de permutas o horario elexido só se poderá cambiar por causas excepcionais adxuntando xustificación sempre e cando haxa vacantes.
8. **Reclamación contra as cualificacións finais ou parciais** : O alumnado poderá reclamar ante a Dirección da EOI contra as cualificacións finais nun prazo de dous días hábiles á publicación de notas. A Dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación ratificando ou rectificando a cualificación .Para elo solicitará do departamento o correspondente informe, dando conta por escrito ó alumnado implicado da resolución adoptada.

De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado poderá interponer recurso de alzada perante a Delegación Provincial da Consellería de Educación e O.U. contra a resolución da Dirección da escola nun prazo de dous días hábiles

a partires da data de comunicación da mesma. Visto o informe da Inspección Educativa , a Delegación provincial resolverá no prazo dun mes.

**9. Solicitudes de bolsa :** Deberán presentarse na Secretaría da EOI nos prazos establecidos que figuran nos impresos de solicitude.

**10. Devolución das taxas de matrícula :** Só en caso de erro administrativo do centro. Neste caso establécese o prazo de 15 días a partir da data de finalización da matrícula para efectuar a correspondente reclamación que será resolta polos órganos da consellería que corresponda logo do informe de Dirección.

**11. EXAMES: AS DATAS DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS PODERÁN REALIZARSE EN DÍA E HORAS DIFERENTES AOS ADXUDICADOS NA MATRÍCULA**

## INFORMACION BAIXA DE OFICIO

Segundo a Circular 19/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais o alumnado que **non se incorpore** ó curso correspondente nos **primeiros 15 días lectivos** sen xustificación razoada perante a Dirección, perderá a condición de alumno/a oficial e a escola poderá dispoñer da súa praza para ser cuberta por outros aspirantes

D/Dña.....con D.N.I.....  
matriculado en.....curso do Idioma..... en horario de.....  
declara estar informado da BAIXA DE OFICIO e asina o presente documento .

O/A alumno/a

Asdo :

En Ferrol a.....de.....de 200.....

-----FIN DO DOCUMENTO-----